


Biblioteca de imaxes ISO

Introducción


- Existen varias formas de instalar un S.O. nunha MV:
 - ◆ A través da unidade de **CD/DVD física** do host.
 - ◆ A través dun **repositorio de imaxes ISO** a través de recursos compartidos por CIFS/SMB ou NFS. Verase a continuación.
 - ◆ Algúns sistemas Linux poden ser instalados a través de internet indicándolle a **url de onde obter o S.O.**. Esta forma será coa que se peche esta parte IV do material.

Engadir un repositorio de imaxes ISO: CIFS


- Engadir Repositorio de Almacenamento: CIFS




Neste caso un equipo Windows ten un recurso compartido chamado **Recursos** que contén un subdirectorio **ImaxesISO** que alberga imaxes ISO de varios Sistemas Operativos. Lembrar que o recurso compartido é Recursos. O repositorio de IMAXES ISO pode estar en calquera equipo que comparta unha carpeta a través de CIFS ou NFS.




No servidor que se desexa engadir o repositorio premer en **New Storage**




En tipo seleccionar Windows File Sharing (CIFS).




Indicar o nome co que se desexa que se chame o repositorio. Neste caso: **CIFS imaxes ISO**.




Introducir os datos para chegar ao repositorio. Formato: **\servidor\recurso_compartido**. Pero neste caso o recurso compartido non contén as imaxes ISO directamente senón que están nun subdirectorio. Pois neste caso deberá poñerse:
\servidor\recurso_compartido\ruta_ate_as_imaxes_iso. Ademais se o recurso precisa que nos autentiquemos indicar usuario e contrasinal.




A imaxe amosa os datos do repositorio de almacenamiento para imaxes ISO montado a través de CIFS/SMB. Pódense montar tantos repositorios como se desexe.



As imaxes ISO contidas na Libraria de imaxes.



Outra forma de ver libraria de imaxes ISO.



E unha última imaxe amosando a Libraría.

Engadir un repositorio de imaxes ISO: NFS

- Engadir Repositorio de Almacenamento: NFS



Seleccionar que se desea montar unha librería de imaxes ISO a través de NFS.



Indicar a ruta: **servidor:/recurso_compartido/<ruta_as_imaxes_iso_se_no_están_directamente_no_recurso_compartido>**

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez (Maio-2013, Rev1: Feb 2014 - Rev2: Nov 2014)